Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

DICIONARIO

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Coxo das Veigas

Ouvinlle contar este conto á miña tía Estrela, alá los finais dos anos cincuenta, naquelas noites en que, logo de cear, nos contaba contos á calor do lume, arredor do caldeiro de cocer aos porcos, e que, á súa vez, ela ouvira contar cando era cativa.

A historia refírese ao chamado Coxo das Veigas, localizada na parroquia de Rebordaos,concello de Castroverde (Lugo).

Nesta parroquia existía un home, chamado así, Coxo das Veigas, pola perna mancada que tiña. De idade indefinida, nin novo, nin maior, vivía só cunha criada aínda nova chamada Loliña. Naquela casa, segundo os veciños, pasaban cousas raras. Un día, xa de anoitecida, óuvense uns berros e, ao pouco, a criada correndo polo pobo berrando e chorando desconsolada. Aos poucos, os veciños vanse concentrando ao redor da casa do Coxo para ver que pasaba. Todo eran comentarios. Os homes falaban entre eles e as mulleres non facían outra cousa que facer a cruz, rezar e falar polo baixiño entre elas, murmurando.

De súpeto, as xanelas da casa ábrense de maneira violenta, todas ao mesmo tempo e óuvense berros e gargalladas, como doutra dimensión. Ante estes feitos, empézanse a concentrar novos veciños, até case xuntarse todos os da parroquia. Os únicos que tomaban a chanza a situación eran algúns dos mozos que celebraban entre risos e alborozos o que estaban a presenciar.

Como era hora próxima á cea e os berros seguían ouvíndose, un dos mozos dixo en voz alta:

─Pois xa que estamos aquí e aínda non ceamos, podían darnos algo que levar á boca.

Meu dito, meu feito. Nese mesmo instante empezaron a saír, con brío, patacas polas xanelas da casa, apuntando cara os veciños. Un mozo, o máis gracioso da reunión, dixo o seguinte:

─Pois xa que ceamos patacas, mellor que saian cachelos.

O mesmo; meu dito, meu feito. Inmediatamente empezaron a saír, ben quentiños, cachelos polas xanelas, o que foi celebrado pola mocidade mentres que o resto dos presentes tiña máis medo ca cu.

Unha vez deixaron que de saír as patacas cocidas, das que deron boa conta, os veciños foron retirándose aos poucos ás súas casas.

Á mañá seguinte o Coxo saíu coma todas mañás aos seus traballos e regresou xa atardecido novamente á súa casa.

De Loliña nunca máis volveu saberse. Dise que retornou á súa casa de Espasande, onde vivían os seus pais e irmáns, unha familia de caseiros. Nunca máis se volveu a falar do sucedido pero algún veciño atreveuse a dicir que o Coxo, senón era ou demo, tiña que ter tratos con el.

[Remitido por Jose Enrique Villarino Valdivielso, de Madrid. Setembro de 2009]